



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 47)

Presidenta:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

(Presidenta accidental, Decreto 03-12-2021)

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de decembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia da Deputada Provincial dona María del Pilar García Porto (decreto de 03-12-2021), por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca e da Vicepresidenta D^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de novembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de subministración dun grupo electróxico para a Granxa Gayoso Castro, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F22R7JVMILZHKULXHCBQAO4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7F22R7KFRYXKM54FXVP52FN4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7FYKRMNAMCZS622AOE4IKFMM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FE3YIKFNNUXRLUUYA6B2E4Y.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FE7C7ODRZQTZJ4VQBO57RAY.



Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dun grupo electrógeno para a Granxa Gayoso Castro. O prazo máximo de entrega é de 4 meses, a contar dende a formalización do contrato, ou documento de aceptación da resolución de adxudicación por parte do contratista.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente. De acordo co establecido no artigo 159.6 letra b) da LCSP, neste procedemento simplificado “sumario”, eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional. Os criterios de puntuación recóllense de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorporárase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de desempate, así como nas condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 20.770,70 euros, aos que se engadirán 4.361,85 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 25.132,55 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PNEUMÁTICOS PARA OS VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL E DA GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de pneumáticos para os vehículos e máquinas do Parque Móbil da Deputación de Lugo e da Granxa Gayoso Castro, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F3WIYDD7TYS7ZUMMVOERFMA¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FE7KYZVWMR6MY5QOGEVBRIU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7FEYJTLZ6433PT2YVEKQHE6Q.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FE7SCCD56XKMJQQNCEUYU6U.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FE7S3EAPZ7CX3AX4EH5QHIL.

Fiscalización limitada previa do expediente.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de pneumáticos para os vehículos e máquinas do Parque Móbil da Deputación de Lugo, e da Granxa Gayoso Castro, cunha duración inicial dun ano coa posibilidade de dúas prórrogas anuais.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, dacordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación que ascende a 36.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 7.560,00 €, o que fai un total de 43.560,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O importe do contrato financiaráse acorde o seguinte detalle:

CENTRO	APLICACION	IMPORTE 2022	RC
PARQUE MOBIL	9201.22111	36.300,00	220209/803
GRANXA (6.000,00€ mais o IVE deducible 1.260,00€)	4120.22111	7.260,00	220219/804
SUMA		43.560,00	

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

Dito gasto deberá aplicarse as aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento do ano 2022, informando que figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA DISTINTOS SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de mobiliario para distintos servizos da Deputación de Lugo, 2021/CON_02/000082, consta no mesmo:

Memoria xustificativa e providencia de inicio, elaborada pola Unidade de Proxectos, con CSV IV7FZX6YBFZ3KU7UUGDKMYFK4².

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Unidade de Proxectos, con CSV IV7FZX7PFW66VNP4M5E6LYSIQ.

² Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV IV7FEX7ZJDV37JE4CF5MIRTOCU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7FE7I5PDZMZDW2YEHSCRSROU.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FE7PJZUHJ3RB6QAMGA5RXGY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FE7TSHZOZ3P63RUPWM3RXMM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de mobiliario para distintos servizos da Deputación de Lugo 2022-2024, expediente 2021/CON_02/000082, cun prazo de entrega de un mes desde a formalización do contrato.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 76.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 15.960,00 €, o que fai un total de 91.960,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 9200 635, do exercicio 2021, segundo consta no informe de consignación da Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS MÁQUINAS COMPACTADORAS USADAS, ASÍ COMO A RETIRADA DOUTRAS DÚAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da Mesa de Contratación do día 30 de novembro de 2021, do seguinte tenor literal:

“Sendo as 08:27 horas do día 30 de novembro do 2021, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, a tales efectos.

Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de dúas máquinas compactadoras usadas, así como a retirada doutras dúas. 2021/CON_02/0000070.

Primeiro.- Apertura de Requirimento de documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación.

Antecedentes:



Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7FWQBJLUMJJJN14VH44ED7OE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7FWXYMNUXJ4VBTUMFGOBTEOI.

Proposta de inicio de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FRSR6JINDLTP6UDVWIY7F6Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FRSR6EEGN7G4L7XWQOMDPKM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FSEKDLNRNZ2PD7X4NJ4BAAA.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FSEJLMFH6QXMJAQWNIH3X6U.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FSKA6Z3Z6JVGKWUWAAJ3QOY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 08 de outubro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FTXB7NNW4LHMI2FYGCQQC4.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 08 de outubro de 2021.

Acta da Mesa de Contratación do día 27 de outubro de 2021, con CSV: IV7F6GLKLUGM576DXQN4A52OMU, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa das empresas presentadas. Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de contratación do sector

Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, e que se reproducen a continuación.

En primeiro lugar dáse conta aos asistentes, de que a esta licitación concorre, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, Pedro Bardanca García.

Tendo en conta que a empresa concorrente presenta en tempo a súa proposta, procédese ao exame e calificación do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que se axusta aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobres B, relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	PREZO DE RECOLLIDA DAS MÁQUINAS USADAS	POTENCIA	CILINDRADA	HORAS TRABALLADAS	PRAZO DE ENTREGA
Pedro Bardanca García	88.330,00 €	1.500,00 €	74,2 cv	3.300,00 cc	3.100 h. 4.970 h.	27 DÍAS NATURAIS

A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PREZO	POTENCIA	CILINDRADA	HORAS TRABALLADAS	PRAZO DE ENTREGA
Pedro Bardanca García	50 puntos	15 puntos	15 puntos	10 puntos	10 puntos

Polo que vai dito, a mesa de contratación previa comprobación de que as especificacións técnicas se axustan aos requisitos mínimos esixidos no PPT, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.



Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	Pedro Bardanca García	100 puntos

Requirir á empresa Pedro Bardanca García para que no prazo dez días hábiles presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 3.650,00 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade. Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Informe da Unidade Xestora, con CSV: IV7F7TIY LX6TSTZD7UXAAJCHOA, no que se recolle que a oferta de Pedro Bardanca García se axusta ás condición dos pregos.

Resolución da Presidencia, do día 08 de novembro de 2021, con CSV: IV7FY7SNZPZIT0Z7UNWRKIJUGE, pola que se acepta a proposta da Mesa de Contratación.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado a través da plataforma de contratos do sector público o día 09 de novembro de 2021.

Consta no expediente presentación de documentación administrativa por parte de Pedro Bardanca García o día 22 de novembro de 2021.

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, no prazo concedido a tales efectos, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 21 de maio de 2021. Entendendo que a documentación presentada se adecúa aos requisitos esixidos no PCAP, a mesa de contratación acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Adxudicar a Pedro Bardanca García o contrato de subministración de dúas máquinas compactadoras usadas, por importe de 73.000 euros, aos que se engadirán 15.330 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 88.330,00 euros, cun prezo de recollida das máquinas usadas de 1.500,00 euros (importe non suxeito a IVE), e un prazo de entrega de 27 días naturais.”

Polo que vai dito, e vista a fiscalización favorable da Intervención Xeral, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Adxudicar o contrato de subministración de dúas máquinas compactadoras usadas a favor de Pedro Bardanca García por importe de 73.000 euros, aos que se engadirán 15.330 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 88.330,00 euros, cun prezo de recollida das máquinas usadas de 1.500,00 euros (importe non suxeito a IVE), e un prazo de entrega de 27 días naturais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de licitación, e que terá lugar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESESTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN, EDICIÓN COMPLETA PARA O SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

“Primeira.- A posibilidade de desistencia do procedemento de adxudicación por parte dunha Administración é unha cuestión á que se fai mención expresa o artigo 152 da LCSP, que a continuación se reproduce:

“Artículo 152 Decisión de no adjudicar el contrato y desistimiento del procedimiento de adjudicación por la Administración.

1. En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.

3. Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.

4. El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación (...).”

A maior abundamento, a cláusula número 18.1 in fine do prego de cláusulas administrativas particulares reitores da contratación, recolle tamén a posibilidade da desistencia do procedemento de adxudicación polas causas, cos requisitos e consecuencias establecidas no art. 152 da LCSP

Segunda.- O artigo 152.3 da LCSP dispón que a renuncia soamente é posible por razóns de interese público que deberán ser xustificadas debidamente no expediente, non sendo posible iniciar unha nova licitación do seu obxecto mentres subsistan tales razóns, circunstancia, esta que non está presente no caso da desistencia.

A desistencia do procedemento, tal e como recolle, entre outros, o informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade de Madrid, 3/2013, do 15 de Outubro, sobre a posibilidade de renunciar á celebración dun contrato, debe fundarse nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, xustificando debidamente no expediente a causa que concorre.

Compre sinalar que o expediente de referencia, se atopaba en fase de presentación de propostas, por tanto nunha fase inicial da licitación

Pola unidade xestora se xustifica a desistencia na infracción do artigo 100 da LCSP, polo desaxuste do prezo do contrato ós prezos de mercado, sendo este o elemento clave ós efectos de considerar a existencia dunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, que si ben non é imputable á administración, si fai recomendable dacordo coa proposta do servizo xestor a desistencia para garantir que o prezo do contrato como elemento esencial do mesmo cumpra cos requisitos establecidos na LCSP.



Non consta na plataforma que se tiveran presentado licitadores ós efectos de eventuais compensacións segundo as previsións do artigo 152 .

Terceira.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011.

Cuarta.- De acordo co establecido no artigo 152.4 da LCSP a desistencia do procedemento de adxudicación, non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación”.

Por canto vai dito, e visto o informe emitido pola Intervención Xeral, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desistir do procedemento de “Licitación dos servizos de deseño e maquetación; impresión e encadernación; edición completa para o Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.” de conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP,, deixando sen efecto todo o actuado e procedendo ao arquivo do expediente.

2º.- Publicar o contido do presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na plataforma de contratos do sector público.

3º.- Dar traslado do presente a unidade xestora e a Intervención Provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO POR UN PERÍODO DE SEIS MESES.

Logo de ver o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, en relación co epígrafe do presente asunto, no que manifesta que se produciu un erro na redacción do mesmo, e propónse a súa corrección; a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita corrección, quedando redactado o epígrafe como segue: **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO POR UN PERÍODO DE TRES MESES.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do



apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2 o seguinte:

“d) Cualquier tipo de servicios agrícolas, ganaderos, pesqueros, forestales, veterinarios y en el patrimonio verde urbano, tales como campañas o inspecciones sanitarias, actuaciones de salud pública y sanidad ambiental dirigidas al control de la calidad del agua, de los riesgos ambientales de las sustancias y preparados químicos peligrosos, así como de los biocidas y fitosanitarios, de los efectos para la salud de las radiaciones ionizantes y no ionizantes, y de cualquier otro riesgo ambiental, prevención y lucha contra las plagas y enfermedades vegetales y animales y contra los incendios forestales, protección y conservación de suelos, ahorro de agua, estadísticas, inventarios, registros, catastros, la realización de todo tipo de actuaciones y prestación de servicios vinculados al refuerzo de la seguridad y de la calidad alimentarias, la difusión del conocimiento de los productos agrarios y pesqueros y de los agrarios, forestales, medioambientales, de conservación de la naturaleza, de espacios y de recursos naturales; centros ganaderos.”

O importe dos traballos descritos na memoria e realizados por medio do medio propio TRAGSA determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades, obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recolleito no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución e xestión destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos, TRAGSA aplicou ás unidades para executar as tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos obxecto da encomenda.

O artigo artigo 86.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle que as entidades do sector público institucional, poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademáis de dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar as prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación se dé algunha das circunstancias seguintes:

a) Sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulte sostible e eficaz, aplicando criterios de rentabilidade económica.

b) Resulte preciso por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

Neste caso, é posible acudir ao medio propio, por razón de urxencia, por tratarse da única opción que garante a continuidade do servizo, ao atoparse en fase de avaliación o expediente contractual iniciado tralo expediente de resolución contractual. A interrupción do servizo provoca graves trastornos para a administración contratante, e pon en risco as laborais afectas ao contrato administrativo.

Por todo o exposto proponho, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. da actividade de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de tres meses, prorrogable mensualmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder de seis meses), por importe de 231.276,32 euros, distribuídos da seguinte maneira:

Dito gasto deberá aplicarse ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento do ano 2022, informando a Intervención Xeral que existe crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2021.

	Aplicación orzamentaria	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022
PAZO PROVINCIAL	9200.22700	15.820,91€	55.407,41 €
GRANXA PROVINCIAL	4120.22700	915,59 €	3.203,80 €
GRANXA EXPERIMENTAL	4120.22700	915,59 €	3.203,80 €
ARQUIVO E TALLERES	9200.22700	1.759,10 €	6.155,18 €
PARQUE MOBIL	9201.22700	469,00 €	1.640,91 €
CENTRO DE FORM. AUDIOVISUAL/CENTRO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL	3241.22700	3.517,77 €	12.308,16 €
CENTRO DE INTERPRETACIÓN E CENTRO DE CESTERÍA	1729.22700	398,81 €	1.395,09 €
PAZO DOS DEPORTES	3420.22700	13.590,80 €	46.951,42 €
ESCOLA DE PIRAGUIZMO	3421.22700	914,05 €	3.201,38 €
MUSEO PROVINCIAL	3330.22700	8.795,79 €	30.767,78 €
PAZO DE TOR	3332.22700	1.759,10 €	6.155,18 €
MUSEO DO MAR	3333.22700	914,70 €	3.200,72 €
MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22700	1.759,10 €	6.155,18 €
	TOTAIS	51.530,31 €	179.746,01 €

2º.- As facturas para o pago dos traballos encomendados expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. As facturas terán carácter mensual e abonaránse logo de informe favorable ou conformidade do responsable da encomenda. A facturación se efectuará a mes vencido mediante a presentación dunha factura desglosada por lotes, centros e conceptos, tal e como se recolle no orzamento aprobado.

3º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 3%.

4º.- Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

5º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

6º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Responsable II de Portería, Vixilancia e Seguridade de Edifícios Descentralizados, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

7º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

8º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, ou no caso de que se adxudique con anterioridade o contrato que se atopa en fase de avaliación, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

9º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

10º.- Dispoñer que, durante o tempo de vixencia do encargo, manteráanse as condicións laborais de todos os traballadores, de acordo co estipulado nos seus contratos e no convenio colectivo que lles sexa de aplicación, referente a totalidade dos traballadores que prestarán seus servizos na empresa TRAGSA, e que ditas condicións manteranse nun calquera que sexa a forma de prestación da actividade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



8.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DA OBRA: LUGO.- REPARACIÓN DE FACHADAS DO PAZO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29/10/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…).

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E3QHMCFP4WH2TQXBGUAQ4A³.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial, redactado por D^a Ana Belén Mera Arias, Técnica Superior en Edificación e Obras.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7GEH2ZJYJM5KM5YUVCMRXD4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EFTDNFNX2V3HTYIHNGF3UOQ.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EFTDZOFZYTOMMBRONO5C6GM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EFTJ7EAX65LPOWIE5CUP6DY.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 20/08/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EGDL7YEXSXTZ7XRESKTQGIM.

Publicación, o día 20/08/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

³Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/09/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7FXT24D4U65WNTCYUHIQBB6Y

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

LUGO.- REPARACIÓN DE FACHADAS PAZO PROVINCIAL
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)
VALOR ESTIMADO
CLASIFICACIÓN EXIGIDA:
PRAZO DE EXECUCIÓN:

120.000,00	
99.173,55	20.826,45
NO	
3 MESES	

MAXIMO
1.983,47

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) AUMENTO GARANTIA (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído - art 102)	AUMENTO PRAZO GARANTIA	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1 MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU		116.160,00 €	7,00	1.000,00 €	

Durante a apertura das ofertas, obsérvase na plataforma icona de aviso, en relación á integridade da sinatura da oferta, se ben consta asinada, a mesa acorda pedir aclaración á plataforma a fin de averiguar o motivo do aviso.

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (75)		AUMENTO PRAZO GARANTIA (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
	Oferta	Ptos	AUMENTO PRAZO GARANTIA (20)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU	116.160,00 €	75,00	7,00	20,00	1.000,00 €	5,00	100,00

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU		116.160,00 €

BAIXA 90.000,00

Tendo en conta que a oferta non incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade, e tendo en conta o establecido no PCAP, no relativo á acreditación do cumprimento das especificacións técnicas dos materiais achegadas polo licitador xunto coa súa oferta a fin de verificar o cumprimento das condicións establecidas no apartado 5 da memoria que forma parte do proxecto técnico, á a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade remitir a oferta xunto coa documentación achegada, á Unidade de Proxectos, por ser a área xestora da licitación, a fin de que informe sobre a verificación e o cumprimento di ditas condicións.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23/09/2021, relativa a dación de conta do informe técnico en relación cos características técnicas, con CSV: IV7FQDXDHYG6Z5GTURE4CQLA4M.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/09/2021, relativa a dación de conta do informe técnico en relación cos características técnicas, con CSV: IV7FS7L2YAXTTSHPVQPE44ZQOI.

A vista do informe emitido, e da contestación da plataforma á consulta formulada, a mesa acordou proseguir coa licitación e tendo en conta o visto e acordado nas mesas anteriores, xunto coa presente, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	MEDIOAMBIENTAL LUCENSE SLU	100,00

Requirir á empresa Medioambiental Lucense SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios persoais e materiais mínimos requiridos nos pregos e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.800,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 07/10/2021, con CSV: IV7FSEIZOHZ4ZSOSQUYGOFDDNY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Medioambiental Lucense SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 08/10/2021, rematando o prazo de presentación o día 25/10/2021. A mercantil Medioambiental Lucense SLU, presentou a documentación requirida o 22/10/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 29/10/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Medioambiental Lucense SLU presenta documentación requirida en tempo, se ben obsérvase que non presentou toda a establecida na cláusula 17 do PCAP ou ben esta incompleta.



A mesa de contratación, vista a documentación, considera incompleta a documentación remitida, polo que tendo en conta o establecido na indicada clausula 17 do PCAP que indica “...Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables concederáse un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda...”, acordou conceder un prazo de tres días á mercantil Medioambiental Lucense SLU para que achegue a documentación que se indica:

Acreditación da solvencia económica por algún dos medios establecidos no cadro resumo do PCAP, nos termos indicados no mesmo.

Declaración responsable sobre a dispoñibilidade dos medios mínimos tanto persoais como materias (apartado 8 cláusula 17 PCAP), indicados no cadro resumo do PCAP.

Documento que conteña a cadea de mando e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria (apartado 9 cláusula 17 PCAP).

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 11/11/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(...) ”

Pola Mesa de Contratación celebrada o 29/10/2021, considerouse incompleta a documentación remitida pola mercantil no trámite correspondente á achega da mesma, ao abeiro do establecido no artigo 150 da LCSP, e en relación coa cláusula 17 do PCAP , polo que tendo en conta o establecido na indicada cláusula, que sinala “...Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables concederáse un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda...”, acordou conceder un prazo de tres días á mercantil Medioambiental Lucense SLU para que achegue a documentación que se indica:

Acreditación da solvencia económica por algún dos medios establecidos no cadro resumo do PCAP, nos termos indicados no mesmo.

Declaración responsable sobre a dispoñibilidade dos medios mínimos tanto persoais como materias (apartado 8 cláusula 17 PCAP), indicados no cadro resumo do PCAP.

Documento que conteña a cadea de mando e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria (apartado 9 cláusula 17 PCAP).

En data 02/11/2021, requiriuse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público á mercantil Medioambiental Lucense SLU, para que presentara a documentación indicada, concedéndolle de prazo ata o 05/11/2021. A documentación requirida foi presentada a través da Plataforma de contratos o 02/11/2021.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 11/11/2021, ós efectos da apertura e comprobación da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Medioambiental Lucense SLU presenta documentación requirida en tempo, se ben obsérvase que non acredita a capacidade de obrar, nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación co artigo 84 da LCSP.

A mesa de contratación, vista a documentación, que obra no expediente, e en concreto do Certificado do Rexistro de Licitadores, que reproduce o obxecto social, acordou conceder un prazo de tres días á mercantil Medioambiental Lucense SLU para que achegue a documentación que se indica:

Acreditación da capacidade de obrar nos termos indicados no artigo 84 da LCSP en relación coa cláusula 6 do PCAP, e que deberá acreditarse nos termos do artigo 140. 4 da LCSP de xeito que se acredite polo licitador requirido que se tiña capacidade de obrar na data final do prazo de presentación de ofertas (15-09-2021).

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23/11/2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

(...)

Pola Mesa de Contratación celebrada 11/11/2021, considerouse incompleta a documentación remitida pola mercantil Medioambiental Lucense SLU, no trámite correspondente á achega da mesma, e no de emenda, ao non constar acreditada a capacidade de obrar da mercantil,



polo que a mesa acordou conceder un prazo de tres días á mercantil Medioambiental Lucense SLU para que achegue a documentación sinalada:

Acreditación da capacidade de obrar nos termos indicados no artigo 84 da LCSP en relación coa cláusula 6 do PCAP, e que deberá acreditarse nos termos do artigo 140. 4 da LCSP de xeito que se acredite polo licitador requirido que se tiña capacidade de obrar na data final do prazo de presentación de ofertas (15-09-2021).

Reunida a Mesa o día de hoxe, 23/11/2021, ós efectos da apertura e comprobación da documentación remitida como contestación ó requirimento de acreditación da capacidade de obrar, compróbase que a empresa Medioambiental Lucense SLU resposta ao requirimento en tempo, xa que presenta escritura de aclaración e complemento do obxecto social, a través da plataforma de contratos do sector público e escrito alegatorio complementario a través da Sede electrónica, con RE nº 2021RPE031674 de data 17/11/2021, se ben obsérvase que a aclaración do obxecto social e posterior á finalización do prazo para presentar as proposicións e non acredita a capacidade de obrar, nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non figurar como obxecto social da mercantil un obxecto coincidente co obxecto da contratación.

A Mesa de Contratación por unanimidade, a vista a documentación achegada no trámite de emenda e a que obra no expediente, e tendo en conta que soamente se presentou 1 oferta á licitación, acordou:

Declarar deserta a licitación da obra LUGO.- Reparación de fachadas do Pazo Provincial, por falta de acreditación da capacidade de obrar do licitador nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non habilitar o obxecto social da mercantil para a execución do contrato.

Que se eleve acordo ao órgano de contratación a fin de que proceda á devolución da garantía depositada pola mercantil Medioambiental Lucense SLU, ao non poder ser adxudicada a referida obra e se traslade a acordo á Unidade de Proxectos e a Intervención aos efectos oportunos.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserta a licitación da obra LUGO.- Reparación de fachadas do Pazo Provincial, por falta de acreditación da capacidade de obrar do licitador nos termos expostos na cláusula 6 do PCAP en relación cos artigos 66 e 84 da LCSP, ao non habilitar o obxecto social da mercantil para a execución do contrato.

2º.- Acordar a devolución da garantía definitiva depositada pola mercantil Medioambiental Lucense SLU, ao non poderlle ser adxudicada a referida obra.

3º.- Dar traslado do acordo á Unidade de Proxectos e a Intervención aos efectos oportunos.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “SENDEIROS DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Logo de ver o informe do Xefe do Servizo de Medio Ambiente relativo aos premios do VII Concurso de Fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” e cuxo expediente constan entre outros os seguintes documentos:

Informe da unidade administrativa xestora, cuxo importe coincide co das bases aprobadas.



Acta orixinal e asinada do fallo da Comisión Avaliadora do VII Concurso Fotográfico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Resolver definitivamente o VII Concurso de Fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” cos beneficiarios que a continuación se relacionan:

PREMIO	TÍTULO DA OBRA	AUTOR	IMPORTE
PRIMEIRO	CAMINO PRIMITIVO	LINA IGLESIAS FORNEIRO	800,00 €
SEGUNDO	LAGOA DE COSPEITO	GERMÁN LIMERES LÓPEZ	500,00 €
TERCEIRO	CORES DE INVERNO NA SENDA DOS MUIÑOS	MANUEL MARÍA BALBAS NAVERIA	300,00 €

2º.- Ordear a publicación no BOP desta resolución definitiva, continuando os trámites oportunos para o abono dos 3 premios correspondentes”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ADQUISICIÓN, POR MUTUO ACORDO, DE BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA: FOZ.-ACONDICIONAMENTO DA LU-P-0210 “A SEARA (LU-160)-SAN ACISCLO (LU-152A)”, DO P.K. 5,100 AO 5,236.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto que na Sesión da Xunta de Goberno desta Deputación celebrada o día 29 de xaneiro de 2021, tense aprobado regulamentariamente o proxecto técnico correspondente á obra máis arriba mencionada, incluído o plano parcelario e relación de bens e dereitos afectados e, asemade, na

sesión do 2 de xullo de 2021, foi aprobada a iniciación do expediente expropiatorio a tramitar para a adquisición dos bens e dereitos necesarios para a execución da devandita obra.

Vista a relación de bens e dereitos afectados para a execución da mencionada obra, e resultando que a adquisición de tales bens pode efectuarse por mutuo acordo a teor do disposto no artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa, para a súa aplicación e ao chegar a un acordo común entre as partes, o Deputado que subscribe, propón a Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Adquirir por mutuo acordo entre esta Administración e os afectados, pola obra : FOZ. Acondicionamento da LU-P-0210 “A Sesara (LU-160)-San Acisclo (LU-152A)”, do PK 5,100 ao 5,236, os bens que a continuación se reflicten:

Nº Parcela	Titular/Titulares	Importe
2	MARÍA ISABEL PERNAS REGO, ELADIO JOSÉ PERNAS REGO e ISABEL REGO LÓPEZ	494,00 €
Total:		494,00 €

2º.- Proceder ao pagamento dos mutuos acordos acadados e, posteriormente, ao levantamento de actas de ocupación, dando por concluída a adquisición dos bens arriba mencionados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUNHA TÉCNICA BIBLIOTECARIA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Mercedes Salvador Castañer nada o día 21 de abril de 1958, que ocupa praza Técnico/a Superior Bibliotecario/a do Cadro de Persoal Funcionario, e posto de Responsable



Coordinador/a I Biblioteca, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada (Rexistro Xeral de Entrada nº 2021RT014472, de data 22 de setembro de 2021), para que sexa efectiva a partir do día 31 de decembro do 2021.

Tendo en conta que Dona Mercedes Salvador Castañer, á dita data terá unha antigüidade recoñecida de 33 anos, 8 meses e 18 días, e presenta informe de vida laboral no que se acredita que está de alta na Seguridade Social, á data da emisión do certificado (03/11/2021), un total de 39 anos, 2 meses e 13 días.

Consideracións xurídicas e técnicas.

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

3.- A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

(...)”.

Doutra banda, o Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece:

“Xubilación anticipada por vontade do interesado.

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicárase de maneira gradual, fixándose para no ano 2021, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

En canto á condición consistente en que o importe da pensión resultante ten que ser superior á contía da pensión mínima que corresponda ao/á interesado/a pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade, cómpre manifestar que tales pensións mínimas son as seguintes:

	Con cónxuxe a cargo.	Con cónxuxe non a cargo.	Unipersoal.
Con 65 anos.	843,40 €	648,70€	683,50€
Menor de 65 anos	790,70€	604,40€	639,50



Na documentación achegada polo solicitante, acredítase que, de acordo a informe de simulación de xubilación emitido pola Secretaría do Estado da Seguridade Social, a pensión inicial aproximada que lle corresponde, supera o importe da pensión mínima sinalada.

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, e o contido o informe do Servizo de Recursos Humanos, do que se desprende que a interesada cumpre cos condicionantes establecidos; propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9/03/2011 (publicado no BOP núm. 056, do 10/03/2011) acorde:

Acceder á solicitude de xubilación anticipada de Dona Mercedes Salvador Castañer, a partir do día 31 de decembro de 2021, sendo o día 31 de decembro de 2021, o último día que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Conta e cumprimento da Sentenza nº167/2021, de 10 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 139/2021.*

Dase conta da Sentenza nº 167/2021, de 10 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 139/2021, seguido a instancia de D. Manuel Rodríguez Fontal fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Manuel Rodríguez Fontal frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado número 139/2021, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al demandante en la suma de 424,37 euros, más los intereses legales devengados desde el 21/01/2021*”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquicia do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

Segunda.- *Conta e cumprimento da Sentenza nº 243/2021, de 6 de outubro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 143/2021-C.*

Dase conta da Sentenza nº 243/2021, de 6 de outubro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 143/2021-C, seguido a instancia de D. Monserrat Rodríguez Fernández fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de Reale Seguros Generales frente a la Diputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado número 143/2021, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta sentencia, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la actora en la suma de 5.666,41 euros, más los intereses legales desde la fecha de presentación de la reclamación administrativa”.*

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquicia do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.